

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN
**CONTRA AS VIOLENCIAS
SEXUAIS E LGBTIFÓBICAS**

**NOS EVENTOS
E ESPAZOS FESTIVOS**

AGRESIÓN
eu digo non á
violencia sexual **OFF**



**XUNTA
DE GALICIA**

XUNTA
DE GALICIA

EDICIÓN:
Xunta de Galicia
Consellería de Política Social e Igualdade
Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

CONTACTO:
vx.igualdade@xunta.gal

Santiago de Compostela, 2024
Depósito Legal: C 1293-2024



Sumario

Introdución e contextualización.....	6
Obxectivos.....	10
Principios de actuación	12
Ámbito de actuación.....	14
Protocolo de actuación	15
Prevención.....	16
Detección.....	21
Actuación.....	28
Anexos.....	31
Recursos e servizos especializados.....	32
Manual de actuación ante situacións de violencia sexual ou LGBTIfóbica.....	38
Normas de comportamento para unha actuación axeitada	40
Manifestacións da violencia sexual e LGBTIfóbica	42
Decálogo contra a violencia sexual e LGBTIfóbica.....	43
Teléfonos de interese	45

**VIOLENCIAS
SEXUAIS
E LGBTIFÓBICAS
NOS EVENTOS
E ESPAÇOS
FESTIVOS**

Introdución e contextualización

A través deste Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos eventos e espazos festivos preténdese establecer unhas pautas preventivas e de actuación cando se produza algún tipo de violencia contra as mulleres ou as persoas LGBTI en espectáculos musicais, actividades culturais e sociais desenvolvidas ao aire libre, en festas e verbenas populares.

- 1 | A nivel estatal, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, culmina o proceso lexislativo de transversalización da igualdade de mulleres e homes en todo o ordenamento xurídico español. Destaca tamén a Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación.
- 2 | A Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, garante a protección integral do dereito á liberdade sexual e a erradicación de todas as violencias sexuais, entendendo por violencia sexual calquera acto de natureza sexual non consentido ou que condiciona o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado.
- 3 | E a Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, desenvolve e garante os dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, trans e intersexuais e erradica as situacións de discriminación, para asegurar que se poida vivir a orientación sexual, a identidade sexual, a expresión de xénero, as características sexuais e a diversidade familiar con plena liberdade.

- 4 | No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, reforza o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes.
- 5 | A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ten como obxecto a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, e no seu artigo 3 establece que a violencia sexual é unha forma de violencia de xénero.
- 6 | Pola súa parte, a Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual, e no seu artigo 11 dispón que a Xunta de Galicia establecerá medidas de apoio ás vítimas de violencia homofóbica, bifóbica ou transfóbica, para os efectos de corrixir a situación de discriminación e de minimizar ou eliminar as consecuencias na persoa discriminada, a través de asistencia social, psicolóxica e/ou médica e xurídica.



Violencia de xénero

A violencia de xénero é un dos problemas máis graves e complexos da nosa sociedade actual. É un tipo de violencia estrutural que se vén exercendo desde hai moito tempo sobre as mulleres, por razón da desigualdade entre homes e mulleres, sobre as persoas trans e intersexuais, por razóns de identidade e/ou expresión de xénero, e sobre as persoas homosexuais e bisexuais, por razóns da súa orientación afectivo-sexual.

Esta violencia maniféstase nun continuo, desde discriminacións sutís, non directas, como o rexeitamento, ata violencias directas, como as agresións ou as violacións. A violencia sexual, é dicir, calquera acto de natureza sexual no que medie violencia, intimidación, prevalencia ou manipulación emocional –incluída a exhibición, a observación e a imposición de relacións sexuais–, é unha das manifestacións desa violencia de xénero, sustentada nos estereotipos de xénero e na desigualdade entre homes e mulleres que defende o sistema heteropatriarcal.

“As situacións críticas implican comportamentos que impiden o gozo e a diversión, de forma libre, das persoas vítimas desas agresións.”

LGBTIfobia



A LGBTIfobia é o prexuízo social, construído culturalmente e reforzado pola educación e a socialización, para rexeitar a diversidade sexual e de xénero e as persoas do colectivo LGBTI.

Calquera persoa, na súa vida social, exerce un conxunto de dereitos humanos ligados á liberdade e á seguridade que están intimamente relacionados coa liberdade de movemento e de uso dos espazos, pero tamén coas relacións persoais e a capacidade de decisión sobre o propio corpo. Con todo, o acceso efectivo das mulleres e persoas cunha identidade de xénero e/ou sexualidade distinta da normativa a estes dereitos foi historicamente obstaculizado polos roles de xénero establecidos socialmente, que sustentan a discriminación e penalizan, mediante formas violentas, as expresións de liberdade contrarias ao citado marco de roles.

Trátase dun grave problema social, que se fai cada vez máis visible, grazas á maior concienciación das vítimas e das súas familias, á sensibilización das institucións públicas, dos medios de comunicación, dos corpos e forzas de seguridade e da sociedade no seu conxunto.

Os espectáculos musicais e as actividades recreativas son espazos de relación, diversión e expresión, pero, lamentablemente, non todas as persoas poden desfrutar destes espazos en igualdade de condicións. Na actualidade, estes espazos de lecer seguen mantendo unha marcada concepción e dinámicas ligadas á masculinidade hexemónica, feito que provoca situacións de vulnerabilidade e discriminación cara ás mulleres e cara ás persoas que transgreden os mandatos de xénero. As manifestacións de violencias de xénero nestes contextos, especialmente as violencias sexuais e a LGBTIfobia, continúan estando invisibilizadas, naturalizadas e tinguidas por estereotipos de xénero.

A pesar dos avances, continúa sendo un dos grandes problemas aos que se enfronta a nosa sociedade e os efectos para quen as sofre obstaculizan de forma grave o seu acceso á igualdade de dereitos e oportunidades. Para traballar cara a unha sociedade libre de violencias sexuais e de LGBTIfobia fai falta a implicación e o compromiso de toda a sociedade, e que se poñan os esforzos na sensibilización, prevención e detección destes tipos de violencias.

Obxectivos

O obxectivo principal deste protocolo é o de establecer un marco de actuación para previr, detectar e actuar ante calquera manifestación de violencia sexual e LGBTIfóbica que se poida producir nos espectáculos musicais ou nas actividades recreativas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación, enuméranse os obxectivos específicos que se pretenden acadar coa aplicación do presente protocolo:



Principios de actuación

Acción preventiva

Coa finalidade de previr situacións de violencia sexual ou LGBTIfóbica nos espectáculos musicais e nas actividades recreativas, as empresas e entidades organizadoras poderán realizar actuacións de información, publicidade e sensibilización sobre o protocolo e o seu contido, garantindo o seu coñecemento.

Actuación inmediata

Ante situacións de crise, é preciso unha resposta áxil e rápida que actúe de forma prioritaria na atención á vítima.

Atención prioritaria á vítima

Débeselle dar prioridade á atención á vítima e á súa protección sobre a persecución do agresor ou agresores e prestar unha atención individualizada, particular e focalizada na persoa acosada ou agredida.

Trato axeitado á vítima

Debe ofrecerse un trato respectuoso, sensible, individualizado e non discriminatorio, cunha linguaxe clara, comprensible e adaptada ás circunstancias, segundo as dificultades de comprensión e comunicación que se poidan presentar.

Respecto á autonomía da vítima para a toma de decisións

En todo momento debe respectarse a decisión da vítima, sen exercer ningún tipo de presión ou paternalismo. Debe proporcionárselle toda a información que precise, de xeito claro e comprensible, e permitirlle tomar as súas propias decisións, de forma que a súa vontade prevaleza sobre a do resto das persoas.

Confidencialidade nas intervencións para preservar a intimidade da vítima

Coa finalidade de garantir a privacidade e o dereito á protección de datos persoais, tanto da vítima como de quen exerce a violencia, na aplicación deste protocolo deberá gardarse o debido segredo sobre os feitos e os datos dos que se teña coñecemento.

Evitación da vitimización secundaria

Coa finalidade de evitar o risco de revitimización, deberase velar pola correcta coordinación e colaboración das distintas persoas e institucións implicadas na aplicación do presente protocolo e garantir así unha actuación integral, áxil e inmediata.

Rexeitamento da violencia fronte á persoa ou persoas que a exercen

As actuacións no marco deste protocolo incluírán o rexeitamento claro fronte á conduta da/s persoa/s agresora/s, evitando manifestar mostras de complicidade con ela/s, e procurando involucrar a contorna desas persoas nese mesmo rexeitamento.

Formación e especialización do persoal

Recoméndase que as persoas que interveñan na organización e desenvolvemento de espectáculos musicais, actividades culturais e sociais desenvolvidas ao aire libre, e das festas e verbenas populares, teñan formación no ámbito da violencia de xénero, violencia sexual ou LGBTIfóbica.

Igualdade no trato ás persoas

Débese garantir e promover o dereito de todas as persoas ao lecer festivo e/ou nocturno e evitar discriminacións e/ou a aplicación de prácticas desiguais e arbitrarias por motivos de sexo, xénero, orientación ou diversidade sexual.

Ámbito de actuación

O obxecto deste protocolo é a **prevención**, a **detección** e a **actuación** ante situacións de violencia sexual e LGBTIfóbica que se poidan producir nos espectáculos musicais e actividades recreativas e que supoñen unha ameaza para as mulleres e persoas cunha identidade de xénero e/ou sexualidade distinta da normativa (lesbianas, gais, trans, bisexuais, intersexuais e queer). Polo tanto, o ámbito obxectivo de actuación deste protocolo serán os **espectáculos musicais ao aire libre**, as **actividades culturais e sociais desenvolvidas ao aire libre**, e as **festas e verbenas populares**, regulados na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Para os efectos da aplicación deste protocolo, consideraranse as seguintes actividades*:



Actividades culturais e sociais ao aire libre



Festas e verbenas populares



Espectáculos musicais ao aire libre

Este protocolo vai dirixido a todas as persoas que interveñen na organización e no desenvolvemento das indicadas actividades:

- Persoas titulares das empresas/entidades organizadoras das actividades
- Persoal de atención e información
- Persoal de seguridade
- Outro persoal auxiliar de servizos
- Persoas participantes no evento

* Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

Protocolo de actuación

Para lograr o obxectivo de establecer un marco de actuación para previr, detectar e actuar ante calquera manifestación de violencia sexual e LGBTIfóbica nos espectáculos musicais e nas actividades recreativas, recoméndase que o presente protocolo sexa coñecido por todas as persoas que traballen ou participen de forma voluntaria na súa organización, para o cal deberán telo accesible e dispoñible.

Recomendacións xerais:

01

Rexeitar as condutas agresoras e a quen fomenta ou ampara comportamentos violentos de carácter sexual ou LGBTIfóbico.

02

Coñecer os conceptos sobre diversidade sexual e de xénero para empregarlos de forma axeitada.

03

Respectar o anonimato e a intimidade da persoa agredida e das súas amizades.

04

Evitar información sobre detalles morbosos no caso de actuar ante unha situación crítica.

05

Fuxir dos xuízos de valor sobre a situación.

06

Utilizar información veraz que non se basee en estereotipos e roles de xénero.

A continuación, preséntanse os tres piares na actuación contra a violencia sexual e a LGBTIfobia a través deste protocolo:

Prevencción

O obxectivo principal deste protocolo é contribuír a xerar un modelo festivo e de ocio baseado na **igualdade** e no **respeto ás liberdades**, individuais e colectivas, de todas as persoas. Así, un dos pasos importantes é a **prevención**, é dicir, a adopción dunha serie de actuacións para evitar que se produzan situacións de violencias sexuais e a LGBTIfobia. Isto lógrase a través da redución dos factores de risco e tamén coa sensibilización da cidadanía para impedir a normalización destas situacións. Débese afondar na idea de que ningunha forma de violencia é tolerable nin xustificable.

“**Recoméndase aos axentes, empresas e entidades que organicen ou desenvolvan espectáculos musicais, actividades culturais e sociais desenvolvidas ao aire libre, e festas e verbenas populares, deseñar as ferramentas necesarias para promover espazos que sexan defensores da liberdade sexual, especialmente a das mulleres e a das persoas do colectivo LGBTI.**”

A continuación, noméanse algunhas accións ou medidas preventivas que afectan diversas áreas e que se poden poñer en marcha desde as empresas e entidades organizadoras de cara a fomentar modelos festivos igualitarios e dificultar que se produzan situacións de violencia sexual e/ou LGBTIfóbica:

Punto lila, morado, violeta ou arco iris

As empresas e entidades organizadoras poderán dispoñer de un ou varios **puntos de cores** (violeta, lila ou morado, segundo se decida) como espazos para a **concienciación, sensibilización e información** das persoas asistentes sobre as violencias sexuais e LGBTIfóbicas e de comunicación do protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas no evento festivo.

Para darlle visibilidade ao feito de que o punto violeta, lila, morado (en adiante, Punto Violeta) tamén sexa un espazo dirixido ao colectivo LGBTI, é recomendable que o punto tamén dispoña dunha **bandeira arco iris**.

Estes puntos tamén funcionan como **lugares seguros** para as vítimas, de **asesoramento, acompañamento e atención**.

É moi importante que o persoal de atención nestes puntos estea formado en sensibilización e detección de violencias sexuais e LGBTIfóbicas.

Tamén se poderá determinar a existencia de persoal do Punto Violeta que desenvolva tarefas itinerantes por todo o ámbito espacial do evento e que estea debidamente equipado con identificadores para o desenvolvemento destas tarefas.

Rexeitamento expreso ás actitudes e condutas de violencia de xénero, violencia sexual e LGBTIfóbica

É importante que as empresas e entidades organizadoras do evento festivo ou espectáculo amosen o seu **compromiso coa loita** contra a violencia de xénero, violencia sexual e LGBTIfóbica e informen da existencia do protocolo e de como usalo en caso necesario, así como da información de contacto dos recursos especializados para a atención das vítimas de agresións sexuais.

Ademais, é aconsellable que todo o persoal traballador, ou voluntario, estea familiarizado co protocolo para a súa **correcta aplicación**.

Tamén poden promover a **igualdade** e a **paridade** na selección tanto do persoal como das actuacións e, en todo caso, comprometerse a non contratar grupos de música ou programas que transmitan contidos sexistas, LGBTIfóbicos, que cousifiquen as mulleres nas súas accións ou que inciten á violencia por cuestións de identidade de xénero ou sexual.

En relación con isto, recoméndase prohibir no evento, festival ou espectáculo a exhibición de símbolos sexistas ofensivos e/ou LGBTIfóbicos.

Comunicación e publicidade do protocolo

Recoméndase que as entidades e empresas organizadoras de espectáculos musicais e actividades recreativas difundan o seu **posicionamento contra a violencia sexual e LGBTIfóbica** e a súa condición de espazo ou ambiente **garante das liberdades individuais e colectivas**, e que, se así o considerasen, comuniquen as medidas relativas á prevención recollidas neste protocolo a través da súa web e/ou das redes sociais ou no propio espazo/recinto festivo.

Poderán dispoñerse materiais de información e sensibilización sobre o rexeitamento das condutas machistas, en especial contra as mulleres e persoas LGBTI, á disposición das persoas participantes no evento nos puntos violeta instalados no espazo ou recinto ou, en caso de non dispoñer destes puntos, na páxina web do evento. Nos anexos deste documento pode consultarse este material de información e sensibilización.

É importante que a comunicación e a publicidade do protocolo non se centren na creación de espazos seguros, senón no **rexeitamento expreso ás actitudes e condutas de violencia de xénero, violencia sexual e LGBTIfóbica**, de forma que se favoreza a sensibilización cara á **tolerancia cero** e a creación dun ambiente no que o potencial agresor sinta rexeitamento a iniciar ou proseguir con determinados comportamentos.

Recoméndase que o evento dispoña dun enderezo de correo electrónico específico para que as persoas asistentes poidan informar sobre situacións de violencia sexual ou LGBTIfóbica.

Medidas de prevención situacional

Consisten en **identificar** os actos, espazos e horarios de maior risco e en realizar unha **senalización e delimitación** clara dos espazos.

É recomendable ter en conta as medidas previstas nos plans de autoprotección recollidos na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia, así como as medidas de evacuación previstas para os recintos pechados e calquera outra prevista na normativa sectorial aplicable, todo isto sen prexuízo das disposicións legais establecidas para as xuntas locais de seguridade e de protección civil.

Ademais, recoméndase realizar unha revisión do recinto, contorna ou área na que se celebra o evento para establecer a súa división en función das necesidades e evitar que existan zonas non transitadas, pouco iluminadas, sen sinalización ou sen vixilancia, ou momentos de aglomeración que poidan


dar lugar a situacións, potencialmente, máis perigosas desde o punto de vista da vulnerabilidade da vítima. Así, por exemplo, no caso de que o evento se desenvolva nun recinto pechado, poderán establecerse medidas para o acceso e saída e dotar estes puntos de maior vixilancia ou medidas de control, como a disposición de varias zonas para a entrada e desaloxo, que permitan incrementar o nivel de seguridade.

Tamén é importante a sinalización e delimitación dos espazos, coa elaboración de **mapas** do recinto e a colocación de **carteis, rótulos ou indicadores** claros e explícitos que axilicen a mobilidade das persoas asistentes e permitan a localización dos puntos de saída, do/s punto/s violeta/s, dos axentes de seguridade e demais servizos.


Recoméndase, así mesmo, ter en conta a análise das zonas circundantes e o acceso a través de transporte público e privado da zona e facilitar rutas seguras de volta á casa.

Publicidade

É importante que as empresas e entidades organizadoras **non utilicen na publicidade contidos ou criterios de acceso** (explícitos ou implícitos) **discriminatorios ou sexistas**, por razón de sexo ou xénero, tales como:



Non se deberán empregar criterios sexistas ou discriminatorios. Tampouco se deben difundir imaxes que denigren as mulleres ou as persoas do colectivo LGBTI con estereotipos sexistas, que as cousifiquen ou que as presenten como obxectos de desexo sexual. Igualmente, non se deberán permitir as mensaxes que incidan nas desigualdades entre mulleres e homes ou na discriminación por sexo e/ou xénero.



Recomendacións para a publicidade:

- Utilizar unha linguaxe inclusiva, que non discrimine e que non revitimice.
- Fuxir dos estereotipos de xénero que caracterizan as mulleres e persoas que pertencen a colectivos LGBTI.

Ademais, aconséllase que as empresas e entidades organizadoras manifesten de forma clara, permanente e visible a limitación de acceso a quen incite, promova ou cometa violencia sexual o LGBTIfóbica.

Formación

Resulta esencial que todas as persoas que participen da organización ou desenvolvemento do evento coñezan a **existencia do protocolo** e a **forma de aplicalo**. Para iso, o persoal de xerencia da empresa ou entidade organizadora facilitaralle a cada membro do cadro de persoal, voluntario ou colaborador, a **información relativa ao protocolo**, en particular, o **Manual de actuación** ante situacións de violencia sexual ou LGBTIfóbica, que se recolle no anexo deste documento.


Por outro lado, é fundamental que as persoas que vaian desenvolver os labores de seguridade coñezan en profundidade este protocolo, así como as actuacións precisas para a prevención, detección e actuación ante casos de violencia sexual e LGBTIfóbica. A Consellería de Política Social e Igualdade facilitaralles ás entidades e empresas que o soliciten información específica para a aplicación do protocolo.

Detección

Para poder actuar ante posibles vulneracións da liberdade sexual ou ante agresións sexuais ou LGBTIfóbicas, cómpre facer visibles as **problemáticas asociadas ao xénero**, establecer as **pautas** para a **identificación** deste tipo de situacións críticas (actuais ou potenciais), así como determinar en que situacións é necesario intervir para evitar o aumento e a cronicidade destas violencias.

Débese ter claro que a violencia por razón de xénero é un tipo de **violencia estrutural, cultural e ideolóxica**, e que se basea en relacións de poder e dominación que se exercen sobre as mulleres e as persoas cunha identidade de xénero e/ou sexualidade distinta da normativa.

Trátase dun problema social grave que vai desde aquelas violencias máis sutís ou invisibles –como as mensaxes, valores, iconas ou outros signos, que transmiten e reproducen relacións de dominación, desigualdade e discriminación entre as persoas–, ata aquelas máis visibles, como as agresións sexuais ou os homicidios.



É un continuo que abarca desde unha imaxe, un comentario ofensivo ou degradante ata as agresións sexuais. É dicir, exprésase mediante agresións físicas e/ou sexuais, pero tamén verbais e ambientais, que se exercen sobre as mulleres, derivadas da desigualdade de xénero, e sobre as persoas trans

e intersexuais, por razóns de identidade e/ou expresión de xénero, e sobre as persoas homosexuais e bisexuais, por razóns de orientación afectivo-sexual. Este tipo de violencia non adoita ser visible para todas as persoas nin en todos os ambientes, polo que cómpre prestarlles atención ás situacións que denotan violencia ou intimidación contra as mulleres ou persoas do colectivo LGBTI, tales como: insistencias, presenza excesivamente desequilibrada de homes e mulleres, acurralamento, actitudes ou palabras denigrantes, xestos ou expresións de carácter sexista e groseiro, etc. Igualmente, débese prestar atención ás situacións que incrementen a vulnerabilidade das persoas, como o consumo de substancias, momentos de pouca ou alta afluencia de público, etc.

A continuación, amósanse algunhas **manifestacións da violencia** que pode ser exercida **contra as mulleres e contra as persoas LGBTI**:

- Comentarios ofensivos e/ou degradantes, abuso verbal, non verbal ou calquera outro comportamento hostil, como insultos, burlas, comentarios despectivos dirixidos a ridiculizar unha persoa ou grupo, etc.
- Comentarios non desexados sobre o corpo, aspecto físico e/ou insinuacións de natureza sexual.
- Contacto físico non desexado e rozamentos ou tocamentos que son incómodos, violentos ou desagradables para a persoa que os padece.
- Contacto físico con persoas que non se atopan en pleno estado de consciencia.
- Perseguir, acosar ou intimidar unha persoa.
- Realizar fotografías non consentidas ou a persoas que non se atopan en pleno uso das súas facultades
- Agredir física ou verbalmente outra persoa sobre a súa orientación sexual, identidade e/ou expresión de xénero.
- Promover situacións de tensión e/ou incomodidade ou provocar verbalmente outra persoa sobre a súa orientación sexual, identidade e/ou expresión de xénero.
- Cuestionar ou expulsar as persoas con expresión de xénero ou identidade de xénero non normativa por estaren en determinados aseos/vestiarios.
- Negarse a chamar a unha persoa como ela quere que a chamen co fin de denigrala ou usar artigos ou pronomes que non corresponden co xénero co que se identifica.
- Exercer presión ou forzar unha persoa a manter relacións sexuais non consentidas.

Nos espectáculos musicais, actividades culturais e sociais desenvolvidas ao aire libre, en festas e verbenas populares cun elevado número de persoas e/ou en espazos públicos abertos, vai resultar complicado controlar todas as zonas e detectar situacións de violencia sexual e/ou LGBTIfóbica de tipo individual, polo que é **recomendable tomar determinadas medidas** como:



Contar con **seguridade privada** para a **vixilancia activa**.



Formar a todos os axentes implicados na organización do evento en **prevención, detección e actuación** ante casos de violencia sexual e LGBTIfóbica e formar equipos igualitarios e paritarios.



Facer partícipes a todas as persoas asistentes ao evento do rexeitamento das violencias sexuais e LGBTIfóbicas, **sensibilizalas** para a súa prevención e fomentar que sexan capaces de detectar e actuar ante actitudes e comportamentos constitutivos de violencia sexual e/ou LGBTIfóbica.



Dar a coñecer ás persoas asistentes as actuacións que deban levar a cabo en caso de coñecer ou sufrir algunha destas situacións e, de ser o caso, poñer á súa disposición un espazo de información ou un correo electrónico para poder comunicar as situacións detectadas.

Pautas para a detección



Observar e prestar atención ás situacións que denotan violencia ou intimidación contra as mulleres ou as persoas do colectivo LGBTI, tales como: insistencias, presenza excesivamente desequilibrada de homes e mulleres, acurralamento, actitudes ou palabras denigrantes, xestos ou expresións de carácter sexista e groseiro, etc.



Observar e prestar atención ás situacións que incrementan a vulnerabilidade das persoas, como consumos de substancias, momentos de pouca ou alta afluencia de público, etc.



Amosar, de forma clara, a posición de rexeitamento da empresa/organizadora do evento e das persoas que traballan nel contra a violencia sexual e LGBTIfóbica.



Asegurarse de que o material de sensibilización sobre a violencia sexual e LGBTIfóbica estea dispoñible e visible para todas as persoas participantes no evento.



Ante calquera sospeita de situacións de incomodidade e/ou malestar, achegarse á persoa que as estea soportando, identificarse como parte do persoal e preguntarlle como se atopa e se precisa axuda.

Manifestacións da violencia sexual e LGBTIfóbica

“

Calquera acto sexual non desexado nin consentido
É VIOLENCIA

VIOLENCIA AMBIENTAL

- Exhibición de símbolos ou imaxes ofensivas e/ou vexatorias de mulleres e/ou persoas LGBTI.

VIOLENCIA VERBAL

- Uso de linguaxe sexista.
- Comentarios ofensivos e/ou degradantes en relación co sexo, coa identidade de xénero, coa identidade sexual ou coa orientación sexual.
- Comentarios despectivos sobre unha persoa ou grupo, tales como insultos.
- Burlas e bromas que non sexan aceptadas e que lles xeren incomodidade ou molestias ás mulleres ou persoas con sexualidades e xéneros diversos.
- Uso de expresións co fin de poñer en ridículo unha persoa polo seu aspecto físico, maneiras, forma de vestir ou de falar.
- Comentarios non desexados sobre o aspecto físico.
- Insinuacións sexuais non desexadas.
- Ameazar ou chantaxear para ter relacións sexuais non consentidas.

VIOLENCIA FÍSICA/SEXUAL


- Intimidar, acosar.
- Contactos físicos non desexados que non agradan, que incomodan ou que violentan a persoa que os sofre (rozamentos, tocamientos...).
- Achegamento físico excesivo ou contacto físico deliberado con persoas que se atopan nun estado de falta de consciencia.
- Realización de fotografías que non son aceptadas, que xeran incomodidade ou que se lle fan a persoas que se atopan nun estado de falta de consciencia.
- Empurrar, inmovilizar, esquinar ou impedir o paso.
- Perseguir.
- Golpear, agarrar.
- Babear, cuspir.
- Comentarios sexuais non desexados.
- Exhibicionismo.
- Obrigar a prácticas non desexadas ou impoñer prácticas de sexo inseguro.
- Violación (non só con penetración).

**PAUTAS
DE ACTUACIÓN
NO CASO DE
AGRESIÓNS
SEXUAIS OU
LGBTIFÓBICAS**

Actuación

No marco deste protocolo, calquera persoa está lexitimada para intervir ante unha situación potencialmente perigosa para unha muller ou unha persoa do colectivo LGBTI: ben por ser testemuña dunha situación de violencia sexual ou LGBTIfóbica ou por ter coñecemento de que algo está ocorrendo ou que vai ocorrer.

Se se ten coñecemento ou se detecta algunha situación de violencia machista, a prioridade sempre é atender a vítima, para o cal se seguirán as seguintes pautas de actuación:



Ante unha situación de violencia sexual ou LGBTIfóbica resulta primordial preservar a intimidade da vítima.

NORMAS DE COMPORTAMENTO DO PERSOAL PARA UNHA ACTUACIÓN AXEITADA:



QUE FACER SE SOFRES CALQUERA TIPO DE VIOLENCIA SEXUAL OU LGBTIFÓBICA:

Se sentes que te están acosando, ridiculizando ou insultando, busca axuda e apoio.

01

02

No caso de que exista un Punto Violeta ou persoal de seguridade, dirixete a eles e explícalles o que está a acontecer.

É importante buscar a compañía de xente de confianza nestes momentos.

03

04

Se sofres unha agresión sexual e/ou LGBTIfóbica, podes interpoñer unha denuncia.

Se sofres unha agresión sexual, contacta directamente co 112. É importante que non te laves nin cambies a roupa. Acude ao centro sanitario máis próximo para que che presten unha atención inmediata.

05

06

Se sentes confusión, somnolencia ou non recordas onde estás ou como chegaches a ese lugar, ou sentes unha picada, contacta co 112, porque pode ser que foses vítima dunha agresión sexual con uso de drogas.

ANEXOS

Recursos e servizos especializados

A continuación, recóllense os recursos e servizos especializados aos que pode recorrer calquera persoa que sufra, detecte ou presencie calquera tipo de violencia sexual ou LGBTIfóbica. Para a súa localización, pódese facer [clik aquí](#). Esta relación non pretende ser exhaustiva, senón facilitar de modo áxil o contacto sobre os organismos de atención e información ás vítimas de violencias sexuais e LGBTIfóbicas.

Servizos de emerxencia

Urxencias Sanitarias de Galicia: 061



É un servizo público, é gratuíto para as persoas con cobertura sanitaria pública ou sen outra cobertura. Ofrece información e atención para situacións de urxencia sanitaria. Neste enderezo atoparás máis información sobre o recurso:

<http://061.sergas.gal/>

Emerxencias: 112



É un servizo gratuíto que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Ofrece atención telefónica e asistencia ante calquera tipo de emerxencia, sanitaria, salvamento, seguridade cidadá, etc, e derivación a outros servizos especializados. Neste enderezo atoparás máis información sobre o recurso:

<https://www.axega112.gal/>

Forzas e corpos de seguridade

Profesionais das forzas e corpos especializados que poden valorar a situación.

Equipo de Muller-Menor da Garda Civil (Emume)



Unidades da Policía Xudicial da Garda Civil integradas por persoal con formación específica que se responsabilizan da investigación dos delitos contra a liberdade sexual e a trata de seres humanos. Prestan atención especializada nos procesos de información, asesoramento e asistencia á vítima, actúan durante a intervención policial, de forma inmediata, con adaptación da resposta ao tipo de delito e ás súas circunstancias.

Neste enderezo atoparás a información de contacto do recurso:

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

Unidade de Atención á Familia e Muller da Policía Nacional (UFAM): 091



É un servizo gratuíto que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma e a toda a cidadanía. Ofrece un servizo policial integral e presta unha atención especializada e personalizada a persoas que se atopan en situación de violencia de xénero e vítimas de violencia sexual. Actúa dende o momento en que se ten coñecemento do feito, tanto no proceso de atención, información e asesoramento coma na investigación, intervención e protección da muller e menores. Neste enderezo atoparás a información de contacto do recurso:

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

Policía Local: 092



É un servizo gratuíto que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Ofrece un servizo de protección do libre exercicio dos dereitos e liberdades e como garante da seguridade da cidadanía.

Garda Civil: 062



É un servizo gratuíto que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Ofrece un servizo de atención de emerxencias.

Alertcops



É unha aplicación para o móbil (App) da Policía e da Garda Civil, totalmente gratuíta, que permite que calquera persoa poida comunicar ás forzas e corpos de seguridade do Estado unha alerta, información, dato ou noticia sobre un acto delituoso ou incidencia de seguridade da que está sendo vítima ou testemuña. Neste enderezo atoparás máis información e a ligazón de descarga:

<https://alertcops.ses.mir.es/publico/alertcops/>

Información e asistencia xeral

Teléfono da Muller: 900 400 273



É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado cos diferentes profesionais de toda Galicia. Neste enderezo atoparás máis información sobre o recurso:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/telefono-da-muller>

Teléfono de atención contra todas as formas de violencia contra as mulleres: 016



É un servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata, gratuíto e confidencial, prestado por persoal especializado para todas as formas de violencia contra as mulleres. Neste enderezo atoparás máis información sobre o recurso:

<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/informacionUtil/recursos/telefono016/home.htm>

Teléfono Arco da Vella: 028



É un servizo telefónico de emerxencia, gratuíto e confidencial, para vítimas de delitos de odio e discriminación por LGBTIfobia. Neste enderezo atoparás máis información sobre o recurso:

<https://www.igualdad.gob.es/ministerio/dgltgtbi/>

Teléfono contra a trata con fins de explotación sexual: 900 105 090



É un servizo telefónico, gratuíto e confidencial, que pon á disposición da cidadanía a Policía Nacional para facilitar a denuncia deste tipo de delitos. Neste enderezo atoparás máis información sobre o recurso:

https://www.policia.es/es/colabora_trata

Teléfono de atención contra a discriminación racial ou étnica: 021



É un servizo telefónico gratuíto e confidencial pensado para persoas que sufrisen ou teñan coñecemento de situacións de discriminación racial ou étnica. Neste enderezo atoparás máis información sobre o recurso:

<https://igualdadynodiscriminacion.igualdad.gob.es/home.do>

Centros de información á muller (CIM)



Son recursos permanentes en máis de 80 concellos galegos, desde os cales se artella unha intervención global dirixida ás mulleres e persoas LGBTI. Contan con profesionais especializadas e prestan atención presencial. Ofrecen asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional ou sociolaboral, así como calquera outra información dirixida a conseguir unha igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Neste enderezo electrónico accedes aos datos de contacto de cada CIM:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>

Tamén podes contactar cos teléfonos **981 95 76 91** ou **981 54 53 51**

Svisual Xunta



Trátase dun sistema de videointerpretación en lingua de signos que lles garante ás persoas xordas o acceso, en igualdade de condicións, ao 012, a liña telefónica que canaliza todas as consultas de información xeral que a cidadanía dirixe á Administración galega. Neste enderezo atoparás máis información e a ligazón de descarga:

<https://www.xunta.gal/servizo-de-videointerpretacion-para-persoas-xordas>

Centro de Información e Asesoramento para a Mocidade (Quérote+)

Quérote+ É un servizo gratuíto, anónimo e confidencial que presta atención profesional de consultas presenciais, telefónicas, en liña, por videochamada e por mensaxería instantánea. O obxectivo dos centros Quérote+ é prestar un servizo de información e asesoramento á xuventude nas áreas máis vinculadas ao entendemento social e o crecemento persoal. Neste enderezo atoparás máis información sobre o recurso:

<https://xuventude.xunta.es/querote-mais>

Tamén podes contactar co teléfono (Whatsapp/Telegram) **647 018 752**.

Información e asistencia xurídica

Oficinas de asistencia ás vítimas do delito (OAV)



Servizo orientado ao acompañamento e á asistencia psicolóxica e social das vítimas. Configúranse como un servizo público e gratuíto cuxo obxectivo é prestar unha atención integral, coordinada e especializada ás vítimas do delito, dando resposta ás súas necesidades específicas nos ámbitos psicolóxico e social, respectando plenamente a súa vontade e determinando a forma de previr e evitar as consecuencias da vitimización primaria, reiterada e secundaria. A asistencia ás vítimas realízase en catro fases: acollida-orientación, información, intervención e seguimento. Existen oficinas con persoal especializado na Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Podes buscar as oficinas na seguinte ligazón:

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

Servizos de orientación xurídica (SOX)



Servizo gratuíto e público que se presta a través dos colexios de avogadas e avogados e que garante o dereito de asistencia xurídica gratuíta a todas as persoas que cumpran os requisitos establecidos para o seu acceso, especialmente os relacionados coa situación socioeconómica.

No referente á loita contra a violencia de xénero, as mulleres que se atopan nesta situación teñen dereito á asistencia xurídica gratuíta especializada e de forma inmediata á interposición da denuncia, con independencia dos recursos económicos.

Podes buscar as oficinas na seguinte ligazón:

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

Asesoramento xurídico en liña



Servizo gratuíto e público que se presta desde a Xunta de Galicia para proporcionar, de maneira gratuíta, información e asesoramento xurídico sobre diversas cuestións, entre elas a violencia de xénero, agresións e abusos sexuais, o acoso sexual, a conciliación familiar, discriminacións por razón de sexo, prostitución e trata, etc. Funciona a través dun formulario confidencial e as respostas das consultas teñen carácter informativo, pero non efectos vinculantes para a Administración.

Podes acceder ao servizo na seguinte ligazón:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/asesoramento-xuridico-line>

Manual de actuación ante situacións de violencia sexual ou LGBTIfóbica



1. Coñece ben o espazo, área ou contorna onde se vai desenvolver o evento, cales son as zonas potencialmente perigosas ou onde poden darse con maior probabilidade este tipo de situacións.



2. Aprende a recoñecer os distintos tipos de violencia, tanto sexual como LGBTIfóbica, desde aquelas que son máis visibles (agresións sexuais ou físicas) como as que pasan desapercibidas para a maioría da sociedade porque están interiorizadas (violencia verbal: comentarios ofensivos, insinuacións, ameazas, etc.).

PAUTAS PARA A DETECCIÓN DE SITUACIÓNS CRÍTICAS:

01

Observar e prestar atención a situacións que denotan violencia ou intimidación contra as mulleres ou persoas do colectivo LGBTI como: insistencias, presenza excesivamente desequilibrada de homes e mulleres, acurrallamentos, actitudes ou palabras denigrantes, xestos ou expresións de carácter sexista e groseiro, etc.

02

Observar e prestar atención a situacións que incrementan a vulnerabilidade das persoas, como consumos de substancias, momentos de pouca ou alta afluencia de público, etc.

03

Amosar, de forma clara, a posición de rexeitamento contra a violencia sexual e LGBTIfóbica.

04

Asegurarse de que o material de sensibilización sobre a violencia sexual e LGBTIfóbica estea dispoñible e visible para todas as persoas participantes no evento.

05

Ante calquera sospeita de situacións de incomodidade e/ou malestar, achegarse á persoa que as está soportando, identificarse e preguntarlle como se atopa e se precisa axuda.

Ante unha situación de violencia sexual ou LGBTIfóbica:

1

Identificarse e ofrecerlle acompañamento ao Punto Violeta ou a un espazo tranquilo e de seguridade para a vítima.

2

Non interrogar a vítima, só se lle preguntará como está e polas súas necesidades.

3

Evitar que a vítima quede soa, salvo solicitude expresa. Preguntarlle á vítima se está soa no evento ou con amizades (independentemente de se está baixo os efectos de drogas/alcohol ou non) e evitar a intervención de terceiras persoas alleas á vítima.

4

En caso de falta de consciencia ou se require asistencia sanitaria urxente, chamar ao 112.

5

Permitirlle tomar a decisión sobre que facer e respectar a decisión, sen exercer presión nin forzar. Se a vítima ten problemas de comprensión (polo estrés, situacións de consumo ou dificultades co idioma), buscar axuda.

6

No caso de ter diante a/s persoa/s agresora/s, deixar claro o posicionamento en contra desas condutas violentas e, segundo o que decida a vítima, chamar as forzas e os corpos de seguridade e axudar a identificar a/s persoa/s agresora/s, ou obrigala/s a abandonar o recinto ou zona do evento.

7

Garantir que a vítima non abandona o evento ata comprobar que está en bo estado e acompañada por unha persoa da súa confianza.

NORMAS DE COMPORTAMENTO PARA UNHA ACTUACIÓN AXEITADA:

- 1** Actuar sempre con calma e asertividade.
- 2** Manter a confidencialidade da persoa atendida e da situación acaecida.
- 3** Acompañar a persoa atendida ao Punto Violeta ou, de ser o caso, a un espazo de seguridade e proporcionarlle o apoio emocional e físico que precise.
- 4** Valorar se son a persoa axeitada para facer a intervención ou se necesito axuda.
- 5** Informar a persoa de que ten dereito a interpoñer unha denuncia, ao acompañamento legal e a recibir atención sociosanitaria, se é o seu desexo.
- 6** Explicarlle á persoa que servizos de atención ten á súa disposición e ofrecerlle información sobre estes.
- 7** Recompilar a máxima información descritiva sobre a agresión, persoa/s agresora/s e sobre as posibles testemuñas da situación.
- 8** Non cuestionar nin xulgar desde o primeiro momento e, ao longo da intervención, recoñecer a credibilidade da persoa agredida.

QUE FACER SE SOFRES CALQUERA TIPO DE VIOLENCIA SEXUAL OU LGBTIFÓBICA

Se sentes que te están acosando, ridiculizando ou insultando, busca axuda e apoio.

01

No caso de que exista un Punto Violeta ou persoal de seguridade, dirixete a eles e explícalles o que está a acontecer.

02

É importante buscar a compañía de xente de confianza nestes momentos.

03

Se sofres unha agresión sexual e/ou LGBTIfóbica, podes interpoñer unha denuncia.

04

Se sofres unha agresión sexual, contacta directamente co 112. É importante que non te laves nin cambies a roupa. Acude ao hospital máis próximo para que che presten unha atención inmediata.

05

Se sentes confusión, somnolencia ou non recordas onde estás ou como chegaches a ese lugar, ou sentes unha picada, contacta co 112, porque pode ser que foses vítima dunha agresión sexual con uso de drogas.

06

Manifestacións da violencia sexual e LGBTIfóbica

“

Calquera acto sexual non desexado nin consentido **É VIOLENCIA**

VIOLENCIA AMBIENTAL

- Exhibición de símbolos ou imaxes ofensivas e/ou vexatorias de mulleres e/ou persoas LGBTI.

VIOLENCIA VERBAL

- Uso de linguaxe sexista.
- Comentarios ofensivos e/ou degradantes en relación co sexo, coa identidade de xénero, coa identidade sexual ou coa orientación sexual.
- Comentarios despectivos sobre unha persoa ou grupo, tales como insultos.
- Burlas e bromas que non sexan aceptadas e que lles xeren incomodidade ou molestias ás mulleres ou persoas con sexualidades e xéneros diversos.
- Uso de expresións co fin de poñer en ridículo unha persoa polo seu aspecto físico, maneiras, forma de vestir ou de falar.
- Comentarios non desexados sobre o aspecto físico.
- Insinuacións sexuais non desexadas.
- Ameazar ou chantaxear para ter relacións sexuais non consentidas.

VIOLENCIA FÍSICA/SEXUAL

- Intimidar, acosar.
- Contactos físicos non desexados que non agradan, que incomodan ou que violentan a persoa que os sofre (rozamentos, tocamientos...).
- Achegamento físico excesivo ou contacto físico deliberado con persoas que se atopan nun estado de falta de consciencia.
- Realización de fotografías que non son aceptadas, que xeran incomodidade ou que se lles fan a persoas que se atopan nun estado de falta de consciencia.
- Empurrar, inmovilizar, esquinar ou impedir o paso.
- Perseguir.
- Golpear, agarrar.
- Babear, cuspir.
- Comentarios sexuais non desexados.
- Exhibicionismo.
- Obrigar a prácticas non desexadas ou impoñer prácticas de sexo inseguro.
- Violación (non só con penetración).

“

Se presencias unha situación ou comportamento de violencia sexual e/ou LGBTIfóbica, non a permitas, CHAMA, DENUNCIA, ACTÚA! Non sexas CÓMPLICE!

”

DECÁLOGO CONTRA A VIOLENCIA SEXUAL E LGBTIFÓBICA

1

Nada xustifica unha agresión. Nin o xeito de vestir, nin a orientación sexual, nin a identidade ou expresión do xénero, nin a exhibición do corpo, nada! Todas as persoas teñen dereito a gozar sen seren importunadas, violentadas ou agredidas.

2

Tes dereito a pasalo ben, a gozar en liberdade e con seguridade. A rúa, a noite, as festas... son de todas as persoas.

3

Sen consentimento, non é unha relación. É unha agresión.

4

O consentimento non é ilimitado. Tes dereito a cambiar de opinión e a non seguir.

5

Baixo a influencia do alcol e doutras substancias segue existindo o dereito a dicir que non. Se non hai un si, é non. Non hai outra interpretación.

6

Confía no teu criterio; se non che gusta a situación, busca axuda ou un espazo seguro.

7

Se precisas axuda fronte a unha agresión, chama ao 112

8

E lembra que se sofres unha violencia sexual ou LGBTIfóbica, sexa nas circunstancias que sexa, nunca te sintas culpable, a responsabilidade é sempre de quen agride.

9

As agresións sexuais son un delito recollido no Código penal.

10

As agresións, ameazas ou danos a persoas ou ás súas pertenzas pola mera orientación sexual e/ou identidade ou expresión de xénero son delitos de odio.

NON AGRIDAS

- Trata a todas as persoas con respecto.
- Evita asubíos, “piropos”, comentarios, miradas intimidatorias, chistes, etc. que poidan incomodar a outras persoas.
- Non toques o corpo doutra persoa sen permiso.
- Nas relacións sexuais, préstalle atención ao desexo da/s outra/s persoa/s; calquera persoa pode dicir NON en calquera momento.
- Se unha persoa está inconsciente, durmida ou confundida, non hai consentimento nin desexo consciente.
- Respecta os gustos e desexos doutras persoas.
- Insistir cando te rexeitan, é acosar. Non te poñas pesado/a

TELÉFONOS DE INTERESE



SERVIZOS DE EMERXENCIA

Emerxencias **112**

Urxencias Sanitarias de Galicia **061**



FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE

Unidade de Atención á Familia e Muller da Policía Nacional (UFAM) **091**

Policía Local **092**

Garda Civil **062**



INFORMACIÓN E ASISTENCIA XERAL

Teléfono da Muller **900 400 273**

Teléfono de atención contra todas as formas de violencia contra as mulleres **016**

Teléfono Arco da Vella **028**

Teléfono contra a trata con fins de explotación sexual **900 105 090**

Teléfono de atención contra a discriminación racial ou étnica **021**



CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) 981 957 691 | 981 545 351

AGRESIÓN
eu digo non á
violencia sexual **OFF**



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



Pacto de Estado
contra la violencia de género